

PREGUNTAS FRECUENTES DA CONVOCATORIA DO PROXECTO: "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL" NOS CONCELLOS 2023/2024

1. Cal é o obxecto da convocatoria? Base primeira

Seleccionar os concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra como entidades colaboradoras e determinar o nivel de estudos dos 152 postos de traballo que se van ocupar baixo a denominación de contrato formativo.

2. Que entidade pode ser colaboradora? Base terceira

Os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes que dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficiente para executar o correspondente proxecto e non incorran nas circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Como se seleccionarán as entidades colaboradoras? Base décimo segunda

O procedemento de selección das entidades colaboradoras farase en réxime de concorrencia non competitiva.

4. Como se distribuirán os 152 contratos formativos entre os concellos solicitantes? Base primeira

En función da poboación (segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística o 1 de xaneiro de 2022) e de acordo co seguinte cadro:

Núm. de habitantes	Núm. de contratos	Núm. de concellos	TOTAL
Ata 3.000	1	12	12
De 3.001 ata 10.000	2	24	48
De 10.001 a 50.000	4	23	92
TOTAL			152

5. Quen formalizará os contratos formativos? Base primeira

As contratacións laborais baixo a modalidade de contrato formativo que se deriven formalizaranse entre as entidades colaboradoras e as persoas tituladas universitarias e de formación profesional de ciclos medios e superiores, co fin de poder adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitar a súa inserción no mercado laboral.

6. Que nivel de estudos se poderá solicitar? Base primeira

Titulación universitaria e de formación profesional de ciclos medios e superiores.

7. Cal será a contía máxima da subvención para cada contratación? Base segunda

Nivel de estudos	Importe máximo mensual	Importe máximo anual da subvención
Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400,00 €/mes	16.800 €
Ciclo superior de formación profesional	1.200,00 €/mes	14.400 €
Ciclo medio de formación profesional	1.000,00€/mes	12.000€

8. Quen asumirá o custo laboral total que exceda do importe da subvención? Base segunda

A retribución polo tempo de traballo efectivo será a fixada no convenio colectivo aplicable a estes contratos ou, no seu defecto, a do grupo profesional e nivel retributivo correspondente ás funcións desempeñadas (anexo II das bases).

O salario non poderá ser inferior ao 70 % para o grupo profesional e o nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e ás funcións desempeñadas e, en ningún caso, inferior ao salario mínimo interprofesional vixente.

As entidades colaboradoras deberán complementar a cantidade necesaria ata acadar os salarios anteriormente indicados e asumir o custo total da Seguridade Social e os demais conceptos salariais que poidan derivar da relación contractual con cada persoa traballadora baixo a modalidade de contrato formativo.

9. Cal é o período subvencionable? Base segunda

O período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun (1) ano e os contratos deberán comezar o 15 de xullo de 2023 ou na data establecida no acordo de concesión.

10. Como se pode solicitar a participación como entidade colaboradora do proxecto? Base quinta

Mediante a presentación do formulario normalizado, que se realizará unicamente por medios electrónicos a través da Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema CI@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

11. Que documentación se debe presentar xunto co formulario de solicitude? Base novena

O anexo I, certificación da Secretaría da entidade solicitante, dispoñible na Sede electrónica.

12. Cal é o prazo de presentación de solicitudes? Base sexta

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

13. Como se resolverá o procedemento? Base décimo segunda

A Xefatura del Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, unha vez comprobados os expedientes e determinada a relación de concellos que acadarán a condición de entidades colaboradoras co número de contratos, co nivel de estudos solicitado, coa duración e coa data límite de inicio e coa contía da subvención, elevará a proposta de resolución e someteraa ao órgano competente, previo informe de fiscalización emitido por Intervención. Nesta proposta farase tamén referencia ás entidades que non cumpran as condicións e ao motivo da súa exclusión.

A resolución do procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno provincial.

14. Cando se resolverá o procedemento? Base décimo segunda

O prazo máximo para resolver a resolución do procedemento e notificárllela ás persoas interesadas é de seis (6) meses, contados desde a publicación desta convocatoria.

15. Onde se publicarán as subvencións concedidas? Base décimo terceira

A concesión das subvencións publicarase no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e na páxina web da Deputación de Pontevedra.

16. Que entidades seleccionarán as persoas beneficiarias dos contratos formativos? Base décimo cuarta

A entidade local seleccionará as persoas traballadoras e será a responsable última de verificar que as e os candidatos cumpran con todos os requisitos establecidos no momento de darlles de alta na Seguridade Social.

17. Cal é o procedemento para seleccionar as persoas beneficiarias dos contratos formativos? Base décimo cuarta

No proceso de selección deberán aplicarse os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos no Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

No caso de que a selección das persoas traballadoras non se leve a cabo mediante unha convocatoria pública, o perfil dos postos de traballo e os criterios de selección recollidos no anexo III deberán publicarse na Sede electrónica ou páxina web do Concello con carácter previo á presentación da oferta na oficina do Servizo Público de Emprego do domicilio da entidade colaboradora. Deberase presentar unha oferta por nivel de estudos e grupo profesional dentro de cada ocupación

18. Cales son os requisitos e os criterios de selección das persoas beneficiarias dos contratos formativos? Base cuarta

- Que estean en posesión dunha titulación universitaria ou dun título de grao medio ou superior de formación profesional ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.
- Que estean inscritas como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.
- Estar empadroadas nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra antes da data de publicación da propia convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.
- Que no momento da contratación non transcorresen máis de tres anos desde a terminación dos correspondentes estudos, ou máis de cinco cando o contrato se formalice cunha persoa con discapacidade.
- Que non teñan experiencia profesional ou non realizaran ningunha formación na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen para estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para obter a titulación que habilita esta contratación.

- Que non estean contratadas en prácticas no momento da selección en ningún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.
- Que non estivesen contratadas na mesma ou en distinta entidade en virtude da mesma titulación nin na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto aínda que se trate de titulacións distintas.

Os criterios de selección recóllense no anexo III das bases reguladoras da convocatoria.

19. É necesaria a publicidade da concesión da subvención? Base décimo terceira

Si. As entidades colaboradoras deberán realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. Entre as medidas de difusión inclúese que, polo menos, no lugar onde se realice o servizo deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo, no que constará o cofinanciamento por parte da Deputación Provincial de Pontevedra. Así mesmo, na documentación administrativa deberase facer mención ao financiamento da Deputación.

20. Que acontece se a persoa contratada renuncia? Base décimo quinta

No caso de que, unha vez iniciado o contrato, a persoa seleccionada renunciase a este, a entidade colaboradora poderá solicitar que se cubra o posto coa persoa candidata que figure como suplente no correspondente proceso selectivo; de non existir suplentes, a selección efectuarase seguindo o procedemento previsto no punto catro da base décimo cuarta.

A substitución deberá producirse no prazo máximo dun (1) mes desde a renuncia. A persoa substituta deberá ter o mesmo nivel de estudos e grupo profesional, así como cubrir o mesmo posto de traballo que a persoa seleccionada inicialmente.

21. Como se xustifica a subvención? Base décimo sétima

A xustificación da subvención efectuarase en dúas fases, o que lles permitirá ás entidades colaboradoras solicitar tamén o pagamento anticipado ou un único pagamento da subvención ao finalizar o contrato ou os contratos obxecto da subvención.

Primeira. Xustificación de inicio e solicitude de pagamento anticipado correspondente aos meses do exercicio en curso

A entidade colaboradora deberá presentar, nun máximo de quince (15) días naturais desde a data de inicio do contrato, a documentación xustificativa obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento "instancia xenérica", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, que será a seguinte:

- Certificación da Secretaría do Concello, segundo o modelo normalizado da Deputación de Pontevedra, na que se indicará:
 - Que se cumpriu o recollido nas bases do programa no referente á selección do persoal e as persoas contratadas, o establecido na base cuarta e demais normativa de aplicación para concertar o contrato formativo.
 - Plan formativo individual, no que se especificarán o contido da práctica profesional, as tarefas que se van realizar, a identificación das persoas contratadas con cargo ao referido programa, o nivel de estudos e mais a titulación, que deberán ser acordos á actividade que

se vaia desenvolver, as datas de inicio dos contratos, o posto de traballo que ocuparán e a duración do contrato.

- Identificación do persoal técnico da entidade que actuará como titora ou titor e que se encargará da formación práctica e de supervisar e prestarlle apoio técnico á persoa contratada; e que este persoal técnico conta coa formación ou coa experiencia axeitadas para o seguimento do plan formativo e o correcto cumprimento do obxecto do contrato.

Toda esta documentación quedará á disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame e, se o considera oportuno, os xustificantes correspondentes.

- Informe asinado por persoal funcionario de carreira competente na materia, no que se farán constar os seguintes extremos:
 - Que con estas contratacións non se están a cubrir postos de traballo de natureza estrutural, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, do cadro de persoal ou doutra forma de organización de recursos humanos, que estean contemplados na entidade local e estean dotadas orzamentariamente.
 - Que os contratos formativos se destinan a servizos de competencia municipal e que cumpren os requisitos esixidos nestas bases en canto á súa capacidade técnica e de xestión.
 - Que o posto de traballo coa titulación requirida para o contrato non fose subvencionado noutras convocatorias do ano 2022 da Deputación de Pontevedra ou doutras entidades de igual ou semellantes características a esta convocatoria.

NOTA: os postos de traballo e as titulacións requiridas deben ser distintas ás solicitadas nas últimas convocatorias da Deputación de Pontevedra ou doutras entidades de igual ou semellantes características cuxo período subvencionable finalizase en 2022.

- Solicitud, mediante formulario normalizado, de pagamento anticipado correspondente aos meses do exercicio en curso e o número de conta.

Segunda. Xustificación e pagamento final

Unha vez finalizados os contratos formativos, para a xustificación final deberase presentar, no prazo máximo de dous (2) meses por medios electrónicos, a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), dirixido ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento da Deputación de Pontevedra, a seguinte documentación:

- Modelo normalizado de memoria final sobre as actividades realizadas e o contido da práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas, no que se indicarán, no seu caso, a vinculación coa transición ecolóxica e coa economía verde, a dixitalización de servizos, a cohesión social e o desenvolvemento local rural.
- Un certificado da secretaria ou secretario no que se acredite que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada; esta documentación quedará á disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame e, se o considera oportuno, os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar, desagregados por meses para cada contrato, as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo RLC, de recibo de liquidación de cotizacións) en concepto de incapacidade temporal das

traballadoras e traballadores contratados baixo a modalidade de contratos formativos con cargo a esta subvención, cuxa contía se deberá excluír do cálculo do gasto total elixible realizado polo Concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de llo reintegrar á institución provincial.

- Declaración responsable do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade por parte das distintas administracións públicas competentes, e de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Deputación Provincial.
- Unha fotografía do cartel informativo e a súa localización.

O importe reducirase proporcionalmente cando o posto de traballo se cubra por un período inferior a un ano ou existan outras circunstancias que minoren os custos totais presentados pola entidade colaboradora.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria.

22. Podería darse o caso de perder o dereito ao cobro ou ter que reintegrar a subvención concedida?

Base décimo oitava

Unha vez vencido o prazo de xustificación sen que a entidade colaboradora da subvención presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local requiriralle ao beneficiario que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do correspondente expediente de reintegro ou a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.